




# Os Bolechos

® TM

PEPE CARREIRO

guías



**APRENDEN A SER PERSOAS VOLUNTARIAS**

XUNTA DE GALICIA

bolanda



**Entra no noso web e faite do club!**

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.

**www.osbolechas.gal**

Podes informarte de todo o que acontece na familia Bolechas no noso **teléfono**



**902 18 20 10**

## A casa dos Bolechas



**1** Cuarto de mamá e papá Bolechas

**2** Cuarto dos Bolechas

**3** Balcón interior

**4** Cociña

**5** Sala de estar

**6** Comedor

**7** Corredor

**8** Cuarto de baño

**9** Entrada

Os Bolechas<sup>® TM</sup>  
PEPE CARREIRO

guías



**APRENDEN A SER PERSOAS VOLUNTARIAS**



## Que é ser unha persoa voluntaria?


As persoas voluntarias axudan **desinteresadamente** a quen o necesita. A tía Camila e o tío Lisardo son **voluntarios**.

— Si, hai anos que somos voluntarios. Debedes saber que os voluntarios e as voluntarias non cobran polo que fan e, ademais, **non teñen ningunha relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado**.

Actuamos deste xeito porque nos gusta axudar e por iso aproveitamos parte do tempo que temos libre para facer cousas polas demais persoas.

As persoas voluntarias son as que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta, participan en actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria.

O voluntariado pódese desenvolver en todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúan a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social.



## Que fan as persoas voluntarias?



AXUDAN A OUTRAS  
PERSOAS

AXUDAN NA  
DEFENSA ECOLÓXICA  
E NA PROTECCIÓN  
DO MEDIO AMBIENTE



AXUDAN AOS  
ANIMAIS

## Quen pode ser voluntario?

Todas as persoas podemos ser voluntarias.

As nenas e mais os nenos tamén poden participar en programas e proxectos de voluntariado especificamente adaptados ás súas características, pero como aínda son menores de idade necesitan unha autorización expresa dos seus pais ou nais, dos seus titores ou titoras ou da institución que os teña ao seu cargo.



O tío Agostiño  
coida animais.



O avó Marcelo  
recolle alimentos e  
dállelos ás persoas  
que os necesitan.



As nenas e nenos  
voluntarios participan  
en proxectos adaptados  
á súa idade.




Mamá Bolechas e  
papá Bolechas  
limpan as praias.



## Onde podo facer de voluntario ou voluntaria?

En Galicia, hai un total de 948 entidades de acción voluntaria, inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia. Seguro que cerca de onde vives ou do teu cole poderás atopar unha entidade pública ou privada, sen ánimo de lucro, onde de xeito organizado e estable se leven a cabo programas específicos que teñan que ver, por exemplo, con actividades de interese xeral vinculadas coa acción social e cos servizos sociais, coas persoas con capacidades diferentes, coa cooperación ou co desenvolvemento, coa defensa ecolóxica e coa protección do medio ambiente ou coa defensa dos dereitos lingüísticos.




## A tía Camila e o tío Lisardo axudan a persoas con capacidades diferentes

A tía Camila e o tío Lisardo levan a Martiña de paseo, mentres o seu pai e a súa nai fan recados. Porque Martiña anda en cadeira de rodas e necesita que alguén a leve. Pili e Sarela van con eles para aprenderen a ser voluntarias e, de paso, lerian con Martiña.

## Papá e mamá Bolechas acompañan persoas maiores

Papá e mamá Bolechas van á casa da señora Asunción para conversar un pouco con ela, porque vive soa, xa é maior e non ten moito con quen falar. Lévanlle tamén o xornal. Carlos vai con eles para aprender a ser voluntario e tamén para oír os contos de gatos que conta Asunción.


O programa de voluntariado social no que participan papá e mamá Bolechas chámase **ACOMPAÑO**.



As voluntarias e voluntarios de **Xuntos e voluntarios no Nadal** acompañan polas festas de Nadal a persoas maiores que viven soas.

## A avoa Balbina e o avó Marcelo visitan persoas enfermas

Roxelio e mais Mariña están no hospital curando unha doenza. A avoa Balbina e o avó Marcelo acompañanos mentres os seus pais e as súas nais están a traballar. Loli e Ying tamén van ao hospital para aprenderen a ser voluntarias. E, de paso, cóntanlles a Roxelio e a Mariña un conto de risa que lles contaron a elas na escola.





## O avó Marcelo recolle roupa e alimentos

O avó Marcelo e o seu amigo Manolo levan un carro cheo de alimentos e roupa que lles deu a xente no supermercado.

Mamá Bolechas tamén participa na recollida. Os alimentos e a roupa son para as persoas que os necesitan no seu barrio. Braulio acompañaos para aprender a ser voluntario. El leva paquetes de leite.



## A tía Lupa e o tío Agostiño coidan os parques naturais e nacionais

Á tía Lupa e ao tío Agostiño gústalles moito a natureza e queren axudar a coidar os parques. — Cóidaos moi ben, con moitos mecos!, dille Agostiño.

Sonia e Kofi van con ela para aprenderen a ser voluntarios. Chispa vai tamén, el non sabe o que é ser voluntario, pero gústalle moito a natureza.



En Galicia, hai **6 parques naturais**:


- O complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán
- A Baixa Limia-Serra do Xurés
- As Fragas do Eume
- O Monte Aloia
- O Invernadeiro
- A Serra da Enciña da Lastra

E o **Parque Nacional das Illas Atlánticas**, que está formado polos arquipélagos de Cortegada, Sálvora, Ons e as illas Cíes.




## Mamá e papá Bolechas limpan a praia

A mamá Bolechas encántalle a praia e gústalle vela limpa. A papá Bolechas tamén. Por iso axudan a limpala. E tamén axudan a arrincar as malas herbas e a plantar vexetación propia dos areais. Pili e Loli van con eles para aprenderen a ser voluntarias. A elas tamén lles encanta a praia e gústalles vela limpa.



## O tío Agostiño coida os animais

O tío Agostiño quere moito os animais e auxilia os que están **feridos** ou os que teñen algún problema. Tanto ten que sexan gatos coma lagartos.



Carlos, Sarela e Ying axúdanlle a levar á auga un caldeirón que varou na area. Queren aprender a ser voluntarios.

## O tío Lisardo limpa o río

O tío Lisardo enfádase cando ve lixo nos ríos. Non lle parece ben que algunha xente bote neles envases, rodas, electrodomésticos e outras cousas vellas. O lixo hai que botalo nos colectores. Por iso o limpa.

Lusco e Fusco van con el. Non saben o que é ser voluntario, pero gústalles moito andar a uliscar polas beiras dos ríos.




## O avó Emiliano e a avoa Flora limpan o monte

O avó Emiliano e a avoa Flora limpan o monte  
O monte hai que coidalo e limpalo, igual que as praias e os ríos. Ademais, o lixo pode producir incendios e queimar os bosques e os acubillos dos animais. O avó Emiliano e a avoa Flora van limpar o monte, porque queren velo verde e cheo de veciños: paxaros, coellos, esquíos, corzos e raposos... Braulio acompañaos para aprender a ser voluntario. Chispa vai tamén porque lle gusta moito a natureza.



## O Voluntariado miúdo

As nenas e nenos que queiran ser voluntarios poden participar no Voluntariado miúdo: Móvete. Trátase dun programa de voluntariado infantil destinado aos CEIP que ten o obxectivo de promover o desenvolvemento efectivo da educación en valores relacionados á acción voluntaria e solidaria. Estas son algunhas das cousas que poden facer as nenas e nenos do Voluntariado miúdo:



Mediar en conflitos que xurdan entre compañeiros e compañeiras.



Participar en brigadas de limpeza na escola.



Amadriñar ou apadriñar os pequenos e as pequenas que empezan na escola.



## As Bibliotecas escolares solidarias

As nenas e os nenos que queiran ser voluntarios poden selo tamén colaborando **coa biblioteca da súa escola**, no programa Bibliotecas escolares solidarias.

Velaquí algunha das cousas que se poden facer:

1. Catalogar libros por temas.
2. Recomendar lecturas.
3. Lerlles libros ás nenas e aos nenos de infantil que aínda non saben ler (programa de **Lectura-A**).



## O Pasaporte solidario

O Pasaporte solidario é un libriño onde as nenas e os nenos voluntarios anotan os labores de voluntariado que fan. **Aos 16 anos** poden solicitarlle á Xunta de Galicia un **certificado de experiencias voluntarias**.



## As redes de centros escolares solidarios

Ao rematar os estudos de educación infantil e primaria, a mocidade que queira continuar co seu compromiso voluntario pode facelo a través dos proxectos ou accións solidarias desenvolvidas nos IES ou CIFP que formen parte da Rede de centros escolares solidarios.

Entre outras moitas cousas, poden axudar a recoller roupa e alimentos para as persoas que o necesitan, colaborar coas persoas maiores, mellorar os espazos... O itinerario para as mozas e mozos galegos complétase co Servizo de Voluntariado Xuvenil, que se prolonga ata os 30 anos.




## Dereitos das persoas voluntarias



As persoas voluntarias teñen dereito a:

- a) Seren tratadas sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Seren informadas e formadas, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolveren a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñeren dunha acreditación que identifique a súa condición de persoa voluntaria.
- d) Recibiren das entidades de acción voluntaria que desenvolvan a acción voluntaria na que se integren a información, a formación, o asesoramento e o apoio técnico, así como os medios materiais que requira o exercicio das actividades e das tarefas que se lles asignen.
- e) Participaren activamente na entidade de acción voluntaria na que se integren, consonte os seus estatutos, colaborando na planificación, o deseño, a execución e a avaliación dos programas nos que participen.
- f) Acordaren libremente coa entidade de acción voluntaria na que se integren o contido e as condicións da súa actividade voluntaria, o ámbito de actuación, a definición das tarefas, o tempo e o horario de dedicación, o lugar de desenvolvemento e as responsabilidades que van asumir, malia que poden variar as súas características de o permitiren as circunstancias da entidade.
- g) Estaren aseguradas mediante unha póliza que cubra os riscos de accidente da propia persoa voluntaria, así como os danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Seren reembolsadas ou compensadas polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias nos termos previamente acordados coa entidade na que se integren.
- i) Recibiren certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria na que se expresen, polo menos, a súa natureza e as datas nas que se realicen, e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poderen acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.
- j) Obteren o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- k) Renunciaren libremente, con aviso previo, á súa condición de persoa voluntaria.
- l) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico.

## Deberes das persoas voluntarias



As persoas voluntarias están obrigadas a:

- a) Realizaren a súa actividade consonte os principios establecidos na lei.
- b) Observaren as medidas de saúde e seguranza que se adoptasen.
- c) Gardaren a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Actuaren de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizando a súa actividade voluntaria consonte as normas e os principios establecidos na normativa reguladora e colaborando coa entidade na que participe e co resto de persoas voluntarias na consecución da maior eficacia e calidade nos programas e nos obxectivos que se leven a cabo.
- e) Participaren nas actividades formativas que se entendan necesarias para un desenvolvemento adecuado da acción voluntaria.
- f) Respectaren os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colaboren.
- g) Cumpriren os compromisos adquiridos coa entidade na que se integren, respectando os fins, os obxectivos e a normativa interna.
- h) Rexeitaren calquera contraprestación que poidan recibir pola súa actividade.
- i) Utilizaren debidamente a acreditación que identifica a súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade na que se integren, así como procederen á súa devolución cando finalicen a actividade.
- j) Coidaren e faceren bo uso dos recursos materiais que poña á súa disposición a entidade.
- k) Notificárenlle á entidade a renuncia coa antelación previamente acordada, a prol de que poidan adoptarse as medidas necesarias para evitar prexuízos para a actividade na que participen.
- l) Os demais deberes establecidos polo resto do ordenamento xurídico.

## Sabías que...?

- 🏡 A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia foi aprobada ao mesmo tempo no que se celebrou, por iniciativa do Parlamento Europeo, o Ano Europeo do Voluntariado.
- 🏡 Galicia é a comunidade autónoma de España cos maiores índices de participación en accións de carácter voluntario e que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha das universidades máis comprometidas de España en número de iniciativas de voluntariado e de estudantes con implicación en proxectos de carácter solidario.
- 🏡 No Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia podes depositar as túas experiencias como persoa voluntaria e podes solicitar unha certificación na que se reflectirán as accións que desenvolveses, con carácter global, en todas as entidades de acción voluntaria nas que colaborases e en todos os programas de voluntariado desenvolvidos pola Administración autonómica nos que participases. Galicia é a única comunidade autónoma de España onde se emite este tipo de certificado.
- 🏡 Na páxina web de Voluntariado Galego (**[www.voluntariadogalego.org](http://www.voluntariadogalego.org)**) podes atopar toda a información que necesitas para iniciar o teu compromiso solidario.

**Non dubides en visitarnos!**

